# O XEADO DE CHOCOLATE

Á miña amiga María gústalle moito comer xeados e os seus preferidos son os de chocolate. O outro día pasamos pola xeadería e tomou dous tarros dos grandes. Pola noite, doeulle tanto o ventre que non lle quedaron ganas de comer máis xeados.

1. Contesta a estas preguntas:

Que lle gusta a María?

___

Cantos xeados comeu o outro día?

___

Que quere decir que os xeados de chocolate son os seus preferidos?

___

Que é unha xeadería?

___

2. Escribe catro sabores de xeados diferentes:

3. Subliña en azul as palabras relacionadas co frío e en vermello as palabras relacionadas co calor.

estufa sol neve praia bufanda sopa
bañador chuvia abrigo camiseta luvas
cubito de xeo verán inverno xeado

4. Escribe oracións coas seguintes palabras:

xeadería

ventre

tarro

amiga

5. Fixate no texto e corrixeo, tendo en conta as normas da maiúscula.

a miña amiga luisa ten nove anos. vive nunha aldea de montaña que se chama abeleda. os seus irmáns chámanse lucas e pedro.

6. Arrodea de vermello os nomes propios:

Miño tesoira castelo Maruxa Carmen

lapiceiro autobús Pedro laranxa

7 Fai un debuxo da lectura: